

VERSoamos


Obradoiro de poesía e música

CEIP P. Ría de Vigo
IES Coruxo
CMUS Profesional de Vigo



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

ÍNDICE

1. Título do proxecto	3
2. Introducción	3
2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro	3
2.2 Xustificación do proxecto	7
3. Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación	8
3.1 Obxectivos a curto prazo	8
3.2 Obxectivos a longo prazo	9
4. Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos	10
4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo	10
4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo	11
5. Organización, desenvolvemento e metodoloxía	11
6. Xestión e calendario	15
7. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto	16
7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas	16
7.2 Alumnado participante	18
7.3 Outros membros da comunidade educativa	18
8. Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto	18
9. Orzamento. Xustificación e desagregación	19
10. Colaboración con institución, entidades, asociacións ou empresas	19
11. Medidas de difusión do proxecto	20
11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos	20
11.2 Alcance	20
12. Plan de avaliación	21
12.1 Criterios	21
12.2 Impacto	22

1 Título do proxecto

VERSoamos

2 Introducción

2.1 Contexto

Segundo se indicaba no traballo *Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados 1992-2016*, publicado pola Real Academia Galega en 2018: «... as persoas castelanfalantes están centradas en dúas áreas comarcais urbanas: A Coruña e Vigo... Estes resultados indican como as áreas con maior poboación son aquelas nas que o castelán predomina de forma máis consistente» (p. 25). O devandito estudo sinala a continuación como os núcleos das cidades deixan de ser o foco de substitución do galego, que se despraza nos últimos anos ao ámbito periurbano (proceso que se percibiu nos barrios de Coruxo e San Miguel de Oia, que aínda que están integrados no concello de Vigo teñen un carácter periurbano e están no límite fronteirizo entre os concellos de Vigo e o de Nigrán).

En calquera caso, os datos para Vigo e a súa contorna con respecto ao uso do galego non son nada positivos, e amosan un proceso de progresiva castelanización moi preocupante. En 2018, segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), Vigo era a cidade que menos galego falaba. Na mesma liña, so un 14 % dos nenos e nenas de 5 a 14 anos falaban sempre galego, e só o 2,1 % dos fogares vigueses eran galegofalantes, cando a media galega é do 22,7 %. Un último dato demoledor: en máis do 90 % dos fogares vigueses ningunha persoa fala habitualmente galego.

Como era de agardar, os contextos sociolingüísticos dos centros que nos unimos para levar adiante este proxecto responden ao panorama que acabamos de esbozar, que sitúa o galego nunha situación case residual na infancia e na adolescencia. Pero máis aló dese aspecto común, consideramos que unha análise polo miúdo é necesaria para amosar as singularidades de cada centro.

CEIP P. Ría de Vigo

O CEIP Plurilingüe Ría de Vigo está localizado no barrio vigués de San Miguel de Oia. Neste centro, ademais de estar matriculados os nenos e nenas deste barrio, tamén o están os de Saiáns (os dous barrios vigueses situados máis ao sur, lindando co concello de Nigrán) e, en menor medida, os de Coruxo e Navia. San Miguel de Oia e Saiáns eran dous núcleos rurais ata a metade do pasado século, nos que o idioma galego, de uso xeneralizado entre toda a poboación, vai perdendo peso e deixa de ser a lingua vehicular en detrimento do castelán. Na contorna do colexio a presenza do galego é moi escasa, e queda limitada ás comunicacións realizadas polas administracións públicas e, nalgúns casos, polas asociacións culturais do barrio.

O profesorado fai uso da lingua na súa actividade docente en función do que se recolle no Proxecto Lingüístico do CEIP Plurilingüe Ría de Vigo e do lexislado no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Como quedou exposto anteriormente, a práctica totalidade de alumnado do colexio (195 nenas e nenos) é castelanfalante. Pode dicirse que ningunha nena ou neno utiliza oralmente o galego de xeito natural nas súas relacións dentro do ámbito escolar e, mesmo en situacións forzadas, son incapaces de facelo. Como lingua escrita, a situación do uso do galego cambia considerablemente xa que a competencia por parte do alumnado é maior.

A situación lingüística do centro vén marcada polo seu proxecto lingüístico, así como pola normativa vixente na actualidade á que anteriormente se facía mención. O uso constante do idioma galego nas materias contempladas na lei contribúe á consecución dos nosos obxectivos, perseguidos sempre dende a postura de manter a nosa lingua nun ambiente de liberdade e de non obriga ou imposición.

CMUS

Como lingua habitual do centro imponse o castelán para toda a comunidade educativa, cunha tendencia maior no caso do alumnado. A pesar de que o castelán é a lingua de

uso maioritario tanto para profesorado como para alumnado e persoal non docente, cómpre sinalar que as condicións xerais parecen apropiadas para que o EDLG desenvolva o seu labor de dinamización.

É importante subliñar que aínda que a maioría dos membros da comunidade educativa non tiveron o galego como unha das súas linguas iniciais, si hai unha porcentaxe importante, principalmente no alumnado, que afirma que aprendeu a falar nas dúas linguas. Isto, unido a que en xeral consideran que teñen un bo dominio da lingua (na fala, na escrita, na comprensión e na lectura), fai que teñan a capacidade de expresarse na nosa lingua se se potencia adecuadamente o seu uso. Na maioría dos casos, a principal razón pola que non se fala galego é pola existencia dun ambiente castelanfalante, non por unha actitude negativa cara á lingua. Isto significa que potenciar un ambiente galegofalante no conservatorio podería promover que os galegofalantes non tivesen que cambiar a lingua para relacionarse cos demais membros da comunidade, e mesmo que máis xente se decantase polo galego. Isto parece confirmarse co dato que indica que a maioría dos entrevistados responde sempre en galego se se lles fala en galego.

As actitudes cara ao fomento do uso do galego e cara ao propio uso do galego no CMUS son maioritariamente positivas. Tamén é positiva a actitude cara á aprendizaxe ou mellora do idioma.

IES Coruxo

O IES Coruxo está situado no concello de Vigo, na periferia da cidade. Trátase polo tanto dunha área periurbana onde atopamos unha grande heteroxeneidade poboacional: o mundo rural, o mariñeiro e o das urbanizacións que nas últimas décadas se viñeron construindo na zona e que achegan un importante número de veciñas e veciños non orixinarios do barrio. Esta gran diversidade de veciños e veciñas trae aparellada unha variedade dos usos lingüísticos: os habitantes oriúndos da zona maiores de 60 anos utilizan mormente o galego; a medida que a idade descende,

tamén descende o uso da lingua propia, e na transmisión de pais/nais a fillos/as, salvo contadas excepcións, desaparece. Por outra banda, entre as persoas que chegan para residir na zona procedentes do centro da cidade, o uso do galego é case anecdótico. Existen na zona tres institucións moi dinámicas e de grande influencia: as AAVV de Coruxo e de Navia e o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo (CRACC); as tres utilizan como lingua de contacto habitual o galego. En resumo, atopámonos nun contorno lingüístico maioritariamente castelanfalante e, nos casos en que o galego está presente, aparece un uso diglósico das linguas, como é habitual en zonas de características semellantes.

Polo que se refire ao profesorado, as cousas son semellantes. As materias que se imparten en galego son as establecidas pola lei. A maioría do profesorado é castelanfalante habitual, aínda que cando o interlocutor é monolingüe en galego, boa parte dos docentes cambia de lingua con normalidade. Son residuais os exemplos de rexeitamento da lingua; hai algúns casos nos que se xustifica o non uso do galego por non ter recibido formación ou ser de orixe foránea. A lingua empregada en contextos informais co alumnado (corredores, cantina...) adoita ser maioritariamente en castelán. O IES conta con 465 alumnas/os procedentes, ademais de Coruxo, das parroquias de Oia, Navia, Saiáns e Chandebrito (que pertence ao concello de Nigrán). Tamén conta con alumnado doutros puntos da cidade, xa que hai unha liña de transporte escolar que vén desde o centro de Vigo.

Como quedou recollido no punto anterior, a situación lingüística do alumnado é preocupante: ou o galego lles resulta alleo ou, no mellor dos casos, é a lingua que falan «cando van á casa dos seus avós».

Segundo unha enquisa realizada, practicamente ningún alumno utiliza habitualmente o galego. De todos os xeitos, non atopamos casos de rexeitamento frontal da lingua, aínda que os prexuízos, pese aos esforzos realizados, seguen ben presentes.

En canto á competencia lingüística pasiva do alumnado, é boa, ou polo menos semellante á que teñen en castelán; pero en canto á competencia activa, é evidente a

situación desequilibrada das dúas linguas curriculares. A produción de textos escritos en galego cústalles, pero é na oralidade cando as carencias son máis evidentes.

A situación da lingua na comunidade educativa do IES é bastante boa. Toda a documentación oficial, escritos de dirección, secretaría, actas de departamentos, claustros, avisos e carteis están escritos en galego. Na lingua oral predomina o galego nas reunións onde todo o profesorado está presente.

2.2 Xustificación do proxecto

Como acabamos de amosar no apartado anterior, o uso do galego por parte do alumnado, a pesar de ter un considerable coñecemento del, dista moito do esperado, e máis tendo en conta os esforzos que se veñen facendo ano tras ano no ámbito escolar. Pensamos que, partindo dese coñecemento, temos que xerar espazos e momentos nos que o alumnado poida comunicarse en galego e crear obra literaria de xeito colaborativo e innovador, sendo quen de compartila coas comunidades escolares propias e doutros centros e, indo aínda máis alá, con toda a sociedade. Convencidas da alta capacidade do noso alumnado como axente de dinamización lingüística, decidimos artellar un obradoiro de creación coa poesía popular como actividade central do proxecto e, ao mesmo tempo, inaugurar a exposición dos paneis do noso proxecto XELA (Xerando Espazos de Lectura no Aberto) do que se dá información máis adiante.

Hai xa cinco anos que o CEIP Ría de Vigo e o IES Coruxo veñen realizando actividades conxuntas en prol do fomento do uso do galego. Con este proxecto preténdese dar un paso adiante coa proposta dun traballo a partir de catro eixes que, dada a situación na que nos atopamos, se presentan como fundamentais: **a valorización da lingua e cultura galegas, o aproveitamento dos recursos e axentes culturais do barrio, o establecemento de canles de traballo colaborativo e o carácter interdisciplinario, e a procura de proxectos de aprendizaxe-servizo que tivesen unha repercusión no barrio e os seus habitantes facendo do noso alumnado un activo axente de creación e promoción lingüística e cultural.**

O piar do proxecto é fomentar o uso da cultura e idioma galego, tanto na fala como na escrita, mediante a creación poética entre o noso alumnado e a súa posterior difusión. Para iso tómasse como referente o legado de recollidas de poesía popular tradicional, á que se lle dedica neste 2025 o Día das Letras Galegas, centrándonos nas recompilacións realizadas nos anos 80 por Xerardo Fernández Santomé nos barrios de Coruxo e San Miguel.

3 Obxectivos

3.1 Obxectivos a curto prazo

3.1.1 En relación co alumnado

- 1.- Facer do noso alumnado un axente dinamizador lingüístico e sociocultural que teña a cultura e lingua galega como un referente irrenunciable.
- 2.- Reflexionar sobre actitudes, prexuízos e estereotipos arredor da lingua e ter unha posición crítica ante elementos que supoñan o menosprezo da nosa lingua, cultura e identidade.
- 3.- Procurar o achegamento á realidade galega a través das distintas materias e actividades complementarias.
- 4.- Relacionar a lingua galega con contextos vivos e próximos.
- 5.- Compartir actividades comúns co alumnado e familias doutros centros.
- 6.- Fomentar o uso da lingua galega no eido das TIC.

3.1.2 En relación coa contorna

- 1.- Facer partícipe ao barrio das actividades dos centros educativos para a promoción da lingua e a cultura galegas.
- 2.- Relacionarnos coas institucións e entidades privadas da contorna para integrar os nosos procesos normalizadores e dinamizadores da lingua e cultura galegas.
- 3.- Sensibilizar as familias e a sociedade en xeral sobre os beneficios do plurilingüismo e a importancia da transmisión da lingua no mantemento das raíces culturais.

3.1.3 En relación co profesorado

- 1.- Conseguir que o maior número de persoas participen de maneira activa no proceso de normalización e dinamización, creando un clima favorable para que o alumnado perciba o proceso de normalización e non só o de normativización.
- 2.- Establecer redes de traballo colaborativo entre centros educativos diversos (CEIP, IES e Conservatorio) e axentes sociais (centros culturais de Coruxo e Oia, Centro de Día Parque Castrelos e Concello de Vigo).

3.1.4 En relación cos centros

- 1.- Vincular a dinamización da lingua galega ás diferentes actividades que desenvolven os EDLG e a outros proxectos dos centros, nomeadamente ás actividades da biblioteca, proxecto lector e ao plan de convivencia.
- 2.- Implicar as familias no noso proxecto, convidándoas a asistir ao obradoiro de creación e interpretación de copla oral e música tradicional.
- 3.- Consolidar o traballo colaborativo e en rede con outros centros educativos e entidades culturais.

3. 2 Obxectivos a longo prazo

3.2.1 En relación co alumnado

- 1.- Actuar como verdadeiro axente dinamizador lingüístico que ten a cultura e a lingua galega como un referente irrenunciable.
- 2.- Superar prexuizos e estereotipos negativos arredor da lingua
- 3.- Fomentar programas e actividades que favorezan e fomenten o uso da lingua galega en todos os contextos.
- 4.- Potenciar os usos orais da lingua naquelas actividades onde non conte coa presenza requirida.

3.2.2 En relación coa contorna

- 1.- Superar prexuizos e estereotipos negativos arredor da lingua tendo unha actitude crítica ante elementos que supoñan o menosprezo da nosa lingua, cultura e identidade.

2.- Desfrutar coas comunidades escolares e coa sociedade en xeral dos beneficios do plurilingüismo e da importancia da transmisión da lingua no mantemento das raíces culturais.

3.- Facer deste proxecto unha experiencia gratificante que se consolide ao longo dos anos.

3.2.3 En relación co profesorado

1.- Consolidar o uso do idioma por parte dos distintos membros do claustro, facéndoos conscientes do seu papel de modelos lingüísticos.

2.- Establecer modelos de traballo innovador e colaborativo nos que a lingua e cultura galega teñen unha presenza esencial.

3.2.4 En relación cos centros

1.- Manter e consolidar redes de traballo colaborativo entre os centros educativos e os axentes sociais, xa sexan públicos ou privados, en prol do fomento do idioma.

4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos

4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

Nos últimos anos desenvolvemos nos centros escolares máis de iniciativas encamiñadas á dinamización da lingua. A pesar diso, os resultados non chegan, polo xeral, para os obxectivos marcados previamente. É por esta razón que pensamos na realización dun proxecto ambicioso que forzase o alumnado a «dar a cara» polo idioma galego nunha iniciativa común compartida con rapazas e rapaces (na maioría descoñecidos) doutros centros. As propostas estratéxicas vertébranse ao redor dos tres eixes do noso proxecto: o proxecto XELA, o obradoiro de creación de poesía popular cantada, tocada e bailada e unha mesa redonda de análise e valoración da riqueza da música popular. A súa descrición figura no apartado 5 deste documento.

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

- Aproveitamento posterior dos paneis XELA para situalos en espazos que garantan a súa conservación e difusión (ben de carácter veciñal, educativo, cultural...).

- Difundir tanto a gravación do obradoiro de poesía popular como os paneis XELA a través das redes e dos contactos coas ANPAS, as asociacións veciñais e culturais dos barrios próximos.
- Aproveitar todas as aprendizaxes desta experiencia para organizar e reproducir, mesmo con melloras, se é posible, a mesma actividade os anos vindeiros ao redor do Día das Letras Galegas.
- Ampliar os lazos de colaboración e os proxectos conxuntos con outros centros educativos, tanto cos participantes neste proxecto coma con outros da contorna. Tamén coas asociacións veciñais e culturais máis próximas.

5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

A proposta deste proxecto arranca en setembro co establecemento de reunións entre os equipos de dinamización do IES, CEIP e CMUS para analizar a súa viabilidade e ir tomando as decisións organizativas pertinentes.

Tal e como quedou exposto anteriormente, o proxecto propónse con tres bloques de actuación relacionados entre si:

Proxecto XELA (Xerando Espazos de Lectura Aberta). Campaña de promoción da lingua na contorna e que se concreta na elaboración dunha escolma de poesía popular inédita recollida no barrio nos anos 80 por Xerardo Fernández Santomé (Arquivo Xistralia, da Asociación de gaiteiros Xistra de Coruxo) presentada en diferentes localizacións dos paseos das praias do Vao e Canido e nos centros culturais e outras áreas de interese.

A actividade consiste na elaboración duns 22 paneis nos que figuran coplas populares acompañadas polo nome do informante e fotografía histórica da localización ou actividade á que se fai referencia. Cada panel disporá do seu código QR que enlazará cos seguintes contidos: texto da copla na súa integridade, audio no que se recolle a gravación da recollida ao informante, interpretación desa copla (musicada ou non) por parte de alumnado de 1º ciclo de EP do CEIP, reinterpretación desa música por parte

do alumnado do IES e CMUS, e texto de presentación do proxecto. Este texto inclúe unha reflexión sobre os prexuízos polo uso do idioma, prexuízos que, por outro lado, xa quedaron de manifesto en ocasións anteriores nas que, en exposicións deste tipo promovidas polos EDLG do IES e do colexio, a través de pintadas se vertían acusacións como «Basta ya de adoctrinamiento» ou «En Vigo se habla español». Neste mesmo texto animarase ao público a facer uso do galego nas súas manifestacións orais en caso de que non o faga.

O proxecto iniciouse coa análise do material recollido hai 45 anos por Xerardo Fernández Santomé e a selección das coplas que se van traballar. Os audios son interpretados por alumnado de 1º ciclo de EP e posteriormente sonlles trasladados ao IES e ao CMUS para engadirlles a súa proposta de reinterpretación, de xeito que, no momento de redactar este proxecto, no CMUS se están creando músicas para presentar cada unha das coplas, nas que interveñen diferentes departamentos e especialidades instrumentais que achegan sonoridades e estilos variados: desde improvisacións sinxelas en diferentes instrumentos a creacións totalmente electroacústicas pasando por propostas que hibridan gravacións acústicas con efectos sonoros engadidos dixitalmente.

Cando este último traballo estea realizado, o Departamento de Tecnoloxía do IES co seu alumnado procederá ao tratamento dixital da fotografía escollida, dos audios, e á creación dos códigos QR para finalmente proceder á edición dos paneis e posterior instalación. Cómpre salientar que parte destes paneis serán gravados en madeira nas aulas de tecnoloxía do IES e de proxecto competencial do CEIP, para o que se empregarán as impresoras láser coas que contan os Polos Creativos.

A inauguración desta exposición será realizada o **5 de maio**, para o que está prevista a asistencia dos tres centros, representación de ANPAS e dos seus consellos escolares, así como das asociacións culturais de Coruxo, Oia e Saiáns.

Así mesmo, contarase coa presenza de familiares de Xela Arias, poeta que deu pé hai catro anos a que iniciásemos esta experiencia, e de familiares das persoas das que se recolleron estas coplas.

Obradoiro de creación e interpretación de poesía popular que se vai desenvolver no contorno da Vila Romana de Toralla o **22 de maio** e ao que están convidadas a asistir as comunidades escolares dos tres centros, usuarios do Centro de Día Parque Castrelos, asociacións culturais de Coruxo, Oia e Saiáns e público en xeral. Durante esta xornada de celebración do obradoiro na Vila Romana, realizaranse as seguintes actividades:

- Recepción musical a cargo do alumnado e profesorado do CMUS coordinado polo EDLG deste centro.
- Presentación de Luís Prego (mestre de Música tradicional e experto na recolleita de tradición oral), que desenvolverá un **Obradoiro de danza e percusión tradicional**. Este obradoiro será dinamizado polo Grupo Etnográfico A Buxaina de Coruxo, Grupo de Pandeireteiras da AAVV San Miguel de Oia e Escola de Música tradicional da AAVV San Xurxo de Saiáns.
- **Obradoiro de creación de copla popular** con acompañamento de alumnado da escola de Canto tradicional de A´Buxaina. Organizaranse grupos de tres ou catro persoas constituídos por alumnado de 5º e 6º cursos de educación primaria, alumnado de 3º da ESO e, na medida do posible, dun usuario do Centro de día. As libretas e bolígrafos de traballo serán proporcionados polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.
- Recitado dos poemas creados no obradoiro.
- Selección dalgunha desas coplas para ser incluída en paneis do Proxecto XELA

- Peche con interpretación colectiva da cantiga «Canta, miña compañeira», con música de Susa Herrera e coplas recollidas no seu día ás pandeireteiras homenaxeadas nas Letras Galegas. Estas coplas están extraídas do libro do mesmo título que a cantiga e escrito por María Lado (Ed. Xerais)

Asemade, durante esta mañá, pasarán pola zona grupos de alumnado do CEIP e do IES para, provistos de reprodutores dixitais, ver e escoitar os contidos dos QR expostos nos paneis.

Posteriormente, xa nos centros, realizarase unha selección das coplas para recompilar nunha publicación e expor nas **bibliotecas** dos tres centros e difundilas nos monitores existentes nas entradas do CEIP, IES, CMUS e AAVV, e queda aberta a posibilidade de que se expoñan no XELA 2026. Así mesmo, realizarase un vídeo da experiencia co fin de divulgalo nas páxinas web dos centros educativos, Centro de día e entre os membros das asociacións culturais de Coruxo e Oia.

Mesa redonda de análise e valoración da riqueza da música popular galega

Esta mesa redonda vaise celebrar o 31 de maio no Auditorio da AAVV San Miguel de Oia, coordinada por Rebeca Argibay e formada por Xulia Feixoó, Xavier Groba e Xerardo Fernández.

6 Xestión e calendario

VERSoamos é unha proposta de dinamización lingüística e cultural que, como xa se destacou anteriormente, parte dun acordo no que participan o CEIP Ría de Vigo, o IES Coruxo e o CMUS Profesional de Vigo. Aínda que por esixencias formais cómpre ter un coordinador xeral, que no noso caso será o responsable do EDLG do CEIP Ría de Vigo, a nosa organización parte dun modelo horizontal e participativo, no que os responsables dos EDLG dos tres centros serven como ponte para a comunicación e a xestión do proxecto. Con eles, o profesorado participante foi achegando as súas propostas, suxestións e coñecementos para artellar un proxecto que só ten sentido

dende o diálogo e o encontro entre persoas, colectivos e centros diversos, comprometidos coa difusión da lingua e da cultura galega.

A utilización das novas tecnoloxías facilitou o desenvolvemento do proxecto, mediante a creación de grupos de whatsapp, traballo con textos en aplicacións que permitían a edición compartida, o uso dos correos electrónicos etc. Pero igualmente foi imprescindible a convocatoria de reunións presenciais nalgún dos centros, que facilitou e enriqueceu o intercambio de ideas, opinións e experiencias.

Repartidas as tarefas e elaborada a proposta de calendario entre o profesorado implicado, foi relativamente doado levar a bo porto un proxecto complexo coma este.

CALENDARIO	1ª AVALIACIÓN			2ª AVALIACIÓN			3ª AVALIACIÓN			
	setembro	outubro	novembro	decembro	xaneiro	febreiro	marzo	abril	maio	xuño
Planificación, preparación, información aos Dep. didácticos e equipos e proxectos do CEIP, do IES e do CMUS	X	X	X	X						
Coord. con Xerardo Fernández e selección de coplas				X	X	X	X			
Gravación das coplas e reinterpretación destas					X	X	X	X		
Elaboración de códigos QR coa información correspondente								X	X	
Preparación da actuación musical por parte de alumnado dos tres centros e persoal docente					X	X	X	X	X	
Desenvolvemento do obradoiro									X	

creación da copla popular											
Difusión do obradoiro e da inauguración do paseo XELA entre a comunidade educativa e veciñanza									x	x	x
Avaliación										x	x

7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

CEIP Ría de Vigo

Iria Martínez	titora 1º. Traballo poético co alumnado e gravación audios
María Jares	titora 2º. Coord. BE. Edición do libro recompilatorio das coplas seleccionadas do obradoiro
Marta Martínez	mestra MEGA. Traballo canto, poesía popular
Begoña Suárez Gago	titora 5º EP. Traballo poesía popular
Concepción Orellana	coord. Edixgal e titora 6º EP. Traballo poesía popular
Daniel Ferreiro	director, mestre EF e membro do Equipo BE
Mª Belén Parada	mestra EPV e membro do Equipo BE
Alexandra Ben	mestra AL. Traballo de recitado poético
Juan Carlos Vázquez	xefe estudos, mestre Música e coord. EDLG. Traballo das músicas proporcionadas polo alumnado e coordinación do proxecto

IES Coruxo

Xosé Ramón Alonso	Xefe de Estudos e prof. Lingua Galega e Literatura
Mónica Pérez	prof. Música e xefa Dpto Música
Paula Veiga	prof. Música

Roberto Sánchez	prof. Tecnoloxía, Educación Dixital e Tecnoloxía Industrial II e xefe Dpto. Tecnoloxía
Rodrigo Varela	prof. Lingua Castelá e Literatura, e coord. EDLG

Conservatorio Profesional de Música de Vigo

Rebeca Carrera	prof. de gaita, conxunto e música tradicional galega, coord. EDLG. Gravación de melodías e montaxe
Cristian Silva	xefe Dpto de Música tradicional: gravación de melodías e montaxe
Gloria Rodríguez	prof. Linguaxe Musical, coord. club Enxeñar, coord. composición de obras para canto e piano do alumnado de RTA
Beatriz Arenas	prof. Canto: preparación do repertorio cantado proposto
Beatriz Riobó	prof. Canto: preparación do repertorio cantado proposto
Blanca Vázquez	prof. Piano: acompañante ao piano das obras propostas
Aine Veloso	prof. Piano: acompañante ao piano das obras propostas
Belén Ferreiro	prof. Viola: creación de melodías específicas. Montaxe
Ángel Montes	prof. Composición. Traballo reinterpretaación coplas
Baldomero Barciela	prof. Historia da Música. Traballo reinterpretaación coplas

7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número)

CEIP Ría de Vigo: 94 alumnas/os de 1º, 2º, 5º e 6º cursos EP.

IES Coruxo: 50 alumnas/os da materia de Música de 3º ESO.

CMUS Profesional de Vigo: 56 alumnas/os.

12 alumnos/as participantes no club Enxeñar e 8 de RTA (reinterpretaación de obras para canto e piano), 8 de canto (interpretaación obras compostas), 30 de diferentes especialidades (clarinete, viola, violín, acordeón, piano...) reinterpretaando coplas.

7.3 Outros membros da comunidade educativa

ANPAS e representantes en consellos escolares dos tres centros.

8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

Os recursos necesarios para o desenvolvemento do proxecto son, maiormente, aproveitados dos existentes nos centros ou froito das achegas de entidades colaboradoras. Entre eles destaca o arquivo Xistralia. Traballamos con libros de poesía popular galega, fondo de instrumentos musicais que vai usar o alumnado no obradoiro de creación de poesía popular. Por parte das entidades colaboradoras, o Servizo de Normalización do Concello de Vigo proporciona cadernos e bolígrafos para os participantes no obradoiro; a tenda de música Ópera Prima cede un piano e o equipo de son para a realización do obradoiro e o Centro de Día Parque Castrelos proporciona o mobiliario adaptado para os seus usuarios durante o obradoiro.

Nalgún caso, os equipos de gravación de audios foron cedidos por profesorado participante.

9 Orzamento. Xustificación e desagregación

Paneis Proxecto XELA	450 euros
Edición cadernos recompilatorios:	250 euros
Equipamento de son	1.300 euros
TOTAL	2.000 euros

A xustificación da necesidade deste orzamento está realizada no apartado 5 (Organización, desenvolvemento e metodoloxía)

10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

O proxecto conta coa colaboración das seguintes entidades:

+Concello de Vigo: Concellería de Patrimonio Histórico (cesión da Vila Romana e do Centro Arqueolóxico da Vila Romana de Toralla), Concellería de Medio Ambiente

(cesión de valados e mobiliario urbano para a instalación dos paneis do Proxecto XELA) e Servizo de Normalización Lingüística (entrega do material de traballo para as participantes no obradoiro).

+ Centro de Día Parque Castrelos. Un grupo de usuarios participará na produción destas creacións poéticas.

+ Centro Cultural de Coruxo, AVV e Cultural de San Miguel de Oia e AVV San Xurxo de Saiáns (divulgación entre os seus asociados da recompilación de producións do obradoiro e información da instalación do proxecto XELA pondo en valor o uso do galego afastado de calquera tipo de prexuízo)

+ Tenda de música Ópera Prima (cesión de piano e equipo de son para a celebración VERSoamos)

11 Medidas de difusión do proxecto

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

Realización de carteis en formato papel e dixital.

Información á comunidade escolar a través de entradas nas páxinas web dos centros e mensaxería Abalar coas familias do alumnado participante.

Información ás familias do Centro de Día.

Convocatoria á prensa local para cubrir a inauguración do Proxecto XELA e o obradoiro poético. (A día de hoxe sabemos do interese da delegación de RTVE en Galicia a través dunha familia do CEIP Ría de Vigo vinculada con este organismo).

Elaboración de códigos QR para os paneis do paseo do proxecto XELA que permitirán acceder mediante a aplicación correspondente ás imaxes, coplas, informantes e gravacións das reinterpetacións.

Elaboración dun vídeo do obradoiro de poesía popular para difundir a través das webs e redes sociais dos centros participantes.

Elaboración dun libro antolóxico coas coplas creadas no obradoiro que servirá tamén como ferramenta de difusión e sensibilización lingüística e cultural.

11.2 Alcance

Agárdase que o alcance nos centros sexa total. Enténdese que non se vai beneficiar unicamente deste proxecto o alumnado directamente participante xa que, en maior ou menor medida, as producións elaboradas van ser compartidas entre toda a comunidade. Por outro lado, cara a anos futuros pretendemos seguir traballando na mesma liña en busca da promoción do idioma galego por medio da creación de textos e audios ao redor da persoa homenaxeada nas Letras Galegas, como levamos facendo durante cinco anos. Deste xeito, o realizado neste ano pode resultar unha motivación para que o alumnado non participante estableza dinámicas lingüísticas que axuden a tomar un maior protagonismo cara a futuras edicións.

O feito de contar coa colaboración e implicación das asociacións culturais do barrio supón estender fóra dos centros educativos a dinamización lingüística e cultural mediante o traballo escolar e as motivacións que o fundamentan, que pasan a ser compartidas pola veciñanza, máis aínda tendo en conta que, grazas a este proxecto, sacamos á luz arquivos sonoros locais que estaban agardando a ocasión para o aproveitamento e disfrute con toda a veciñanza.

Indo un pouco máis alá, a iniciativa vai chegar a todo tipo de público, xa que a exposición do Proxecto XELA nas localizacións escollidas (dentro do Camiño Portugués pola costa) durante o período dun ano permite que un bo número de público, galego e non galego, se achegue á nosa poesía popular a través de textos e de recitados poético-musicais e das reflexións e análises realizadas polo alumnado con relación á importancia de usar o idioma galego en calquera ámbito fuxindo de todo tipo de prexuízo.

12 Plan de avaliación

12.1 Criterios e indicadores

- Avaliación continua, cualitativa e cuantitativa, do proceso que terá en conta o número de alumnado e profesorado implicado, así como a cantidade e calidade do material comunicativo audiovisual que se vaia creando.
- Avaliación de alcance e impacto, que terá en conta o número de visualizacións dos vídeos, así como as interaccións, reaccións... da comunidade.
- Avaliación directa do profesorado implicado das diferentes materias sobre a calidade e interese do material específico creado polo alumnado.
- Avaliación externa realizada por persoas colaboradoras ás que se lles pida análise e opinión sobre o proxecto.
- Avaliación con enquisas cualitativas para o alumnado ao final do curso.

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

A avaliación do proxecto basearase na valoración do alumnado e do profesorado participante a través dunha enquisa que se lles fará chegar despois do acto.

Os medidores en canto ao impacto do proxecto son os seguintes:

- Valoración do aumento da autoestima sociolingüística, como consecuencia da implicación nun proxecto normalizador colectivo, coa participación de profesorado e alumnado de tres centros distintos e da veciñanza como receptora activa do contido.
- Asociación do galego á innovación, ás plataformas e linguaxes de comunicación máis actuais (internet, webs, redes sociais, códigos QR...) e aos proxectos do centro máis dinámicos.
- Valoración do galego como a lingua de uso público común da comunidade educativa.

- Desenvolvemento progresivo das competencias comunicativas orais e escritas, formais e informais, con distinción de rexistros, mellora do vocabulario e da expresión etc.
- Capacidade de traballo en rede, tanto entre centros educativos como con axentes culturais do barrio.